

A súa música foi interpretada por agrupacións coma o Ensemble Divertimento, Ensemble Meitar, Ensemble Regards, Ensemble Pentaëdre, The Playground, Ensemble Reconsil e Architek Percussion, entre outras. A súa peza *Winter Walks that Gravel My Voice* obtivo o primeiro premio no concurso Memorial de Composición Salvatore Martirano (2017) e a súa peza *Behind the Forget-Me-Not*, interpretada por William Lang, foi a gañadora da Random Access Music Call for Scores.

Chris Swithinbank. Países Baixos, 1988

O seu traballo comprométese con varias permutacións de recursos instrumentais e electrónicos, principalmente centrados na creación de experiencias musicais cuxas estruturas intentan proporcionar espazo a todos os organismos implicados. A súa esperanza actual con cada traballo é abrir portas a mundos que doutro xeito non existirían, reunindo contextos materiais para artistas humanos, que son resistentes, requiren esforzos de colaboración e desvelan a necesaria función de cada parte constituínte dun todo.

Estudou na Universidade de Manchester (Reino Unido) e no IRCAM Centre Pompidou. Na actualidade, cursa estudos de doutoramento na Universidade de Harvard baixo a supervisión de Chaya Czernowin.

<http://chrisswithinbank.net/>

MÚSICA E ARTE. CORRESPONDENCIAS SONORAS

CICLO DE CONCERTOS

Centro Galego de Arte Contemporánea
Martes, 17 de outubro de 2017 ás 19:30 h

EDUARDO BATARDA. MISE EN ABYME

19:30 h. **CAUSAL**

Conversa de Ramón Souto, director artístico de Vertixe Sonora Ensemble, cos compositores Oren Boneh, Francisco C. Goldschmidt, Macarena Sofia Roscmanich Le Roy e Chris Swithinbank

20:30 h **MISE EN ABYME**

CONCIERTO DE VERTIXE SONORA

Chris Swithinbank *"It opens, and many people throw up their hands"
is a problem you insert into space** (2017)

7 intérpretes

Francisco C. Goldschmidt *...como restos de un naufragio e insolencia...** (2017)

violín, viola e piano

Macarena Sofia Roscmanich Le Roy *Cenizas*** (2017)

frauta, saxofón, violín, violonchelo e contrabaixo

Oren Boneh *Lug** (2017)

frauta, saxofón, violín, viola, violonchelo, piano e percusión

*Estreas absolutas. Encomendas de Vertixe Sonora

**Estrea nova versión

AS OBRAS

"It opens, and many people throw up their hands" is a problem you insert into space

Na súa colección de 2016, *Calamities*, a autora Renee Gladman está, de xeito simultáneo, escribindo para debuxar e debuxando para escribir, seguindo a espiral da súa man, ata que se encontra "escribindo-debuxando" e se descobre debuxando "algo que sentira mentres camiñaba entre edificios e talvez algo que... fixera Maria Helena Vieira da Silva". Que fixera Vieira da Silva? Nas súas obras dos anos cincuenta, fixera xeometrías retorcidas en profundidade e perspectiva, arrebolando contra o lenzo as pantasma dun esqueleto urbano dun fluído estilo gótico, e xustamente esas retículas derretidas son as que Gladman se descobre trazando.

Nas obras que Eduardo Batarda realiza a finais dos anos oitenta encontramos cadros sombríos, con estrías, que amosan unha superficie onde as costelas dunha enmarañada estrutura foran alumeadas por unha man imprevisible, e ao seguirmos a brusca viraxe de cada liña que se entretece con outra, é difícil non ver a súa man como enmeigada pola de Vieira da Silva. Poderíamos seguir esta liña ata que sae do lenzo e penetra na xenealoxía, pero non é isto unha

CGAC

CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA

Ramón del Valle Inclán 2 • 15703 Santiago de Compostela
Tel.: 981 546 602 • cgac.educacion@xunta.gal • www.cgac.xunta.gal

XUNTA DE GALICIA 

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

vertixe sonora
ensemble

mera liñaxe visual. Pola contra, Gladman refírese como “debuxar era unha maneira de pensar co corpo, e escribir era a historia do corpo feita pensamento”. No seu texto, desprazámonos fluidamente entre a imaxe e a palabra, do corpo ao concepto e volta a empezar. As palabras pódense mastigar, tragar ou cuspir e os conceptos poden devir “unha retícula luminosa” ou “unha superficie opaca” se hai carne e peso. As liñas de Vieira da Silva e de Batarda non só resultan semellantes ós nosos ollos; as liñas dun artista pasan ao corpo do outro, igual que o obsesivo pulo xestual dun día de 1953 pesa sobre o fluír dun brazo en 1988.

Xa que logo, o “escribir-debuxar” de Gladman pódese tornar nunha proposta para un acto do corpo: “Ábrese e moita xente levanta as mans; é un problema que insírese no espazo”. Ao atopar ela a maneira de verterse sobre a páxina en frases, atopa a maneira de desviarnos da páxina para introducirlas no espazo. Tomo prestado de Gladman o título para esta *performance* e síntome agradecido pola compañía da súa escrita, porque mediante a súa linguaxe o mundo está disposto a recibir acción e problemas, que nos tenden coas mans en alto para que nós tentemos inserilos no espazo. Tamén lles quero agradecer aos músicos de Vertixe Sonora a súa boa disposición a acompañarme nesta viaxe e a facerlles sitio aos meus problemas.

...como restos de un naufragio e insolencia

Esta obra cuestiona o oculto e o aberto, de algunha maneira discorre como tres camiños errados que tentan atoparse nalgún punto, como vestixios perdidos dunha irremediable incomunicación. A peza inspirouse na obra *O meu estilo é a minha força* de Eduardo Batarda.

Cenizas

Baseada na pintura *Sen título* (1985) de Eduardo Batarda, a obra *Cenizas* fórmase como unha desposta construída sobre a base dunha escrita impulsiva, coma unha sorte de reacción á observación da súa pintura. É así como distintos momentos se van construíndo a través deste trazo arrebatado.

Lug

Lug (2017) está parcialmente inspirada no traballo de Eduardo Batarda presentado na exposición *Mise en abyme*. Unha característica sorprendente das súas pinturas é o bombardeo de personaxes superpostos sobre outras imaxes. Do mesmo xeito, en *Lug* aparecen unha variedade de personaxes musicais tateando, vacilando e intentando reconciliar as súas diferenzas.

Oren Boneh

OS COMPOSITORES

Francisco C. Goldschmidt. Chile, 1981

Estudou composición con Cirilo Vila e Aliocha Solovera na Universidade de Chile. Posteriormente graduouse no programa de máster en Teoría e Historia da Arte baixo a tutela do filósofo Sergio

Rojas na mesma Universidade. Desde o ano 2011 reside en Alemaña, onde foi bolseiro do CNCA para realizar un máster e a continuación un *Konzertexamen* en Composición Instrumental na Universidade de Música de Colonia, guiado polo compositor Johannes Schullhorn.

A súa música foi interpretada por *ensembles* como mdi (Italia), MAM (Alemaña), Ensemble Lucilin (Luxemburgo), Mobile Beats (Alemaña), Friends of MATA (Estados Unidos), Fukio (España), handwerk (Alemaña), Spółdzielnia Muzyczna (Polonia), Time Art Studio (Taiwan), Ensemble Recherche (Alemaña), Ensemble Exophonie Tokyo (Xapón), Vertixe Sonora Ensemble (España) ou Kommas Ensemble (Alemaña).

Por outra banda, as súas obras para orquestra foron seleccionadas pola Orquestra de Cámara de Chile, Orquestra Clásica USACH de Santiago, a HfMT-Orchester de Colonia, SWR Sinfonieorchester de Stuttgart e a Grzenich-Orchester de Colonia.

Así mesmo, recibiu diversos premios e recoñecementos, entre os que destacan o Rhein Silver Award 2014, no marco da bienal New Talents de Colonia; o segundo premio do concurso Felix Mendelssohn Bartholdy de Berlín, en 2014; e o premio Bernd-Alois-Zimmermann 2016, outorgado pola cidade de Colonia.

Macarena Sofia Roscmanich Le Roy. Chile, 1981

Nacida en Santiago de Chile, Macarena Rosmanich comeza a estudar piano clásico ao nove anos para posteriormente cursar a carreira de Composición Musical na Universidade de Chile. É aquí onde se forma cos compositores Aliocha Solovera e Jorge Pepi Alos e se licencia en Composición. Despois de finalizar os seus estudos viaxa a Alemaña onde ingresa na Robert Schumann Musikhochschule de Düsseldorf, para realizar un posgraao en Composición Instrumental co compositor español José María Sánchez-Verdú.

As súas obras foron tocadas por *ensembles* como Musikfabrik, Recherche, Lucilin e Multilaterale. Ao mesmo tempo, segue mantendo o contacto con Chile e realiza colaboracións con músicos como o oboísta José Luis Urquieta e o *ensemble* Compañía de Música Contemporánea. No seu traballo mestúranse aspectos presentes tanto na poesía coma na literatura, ambas as dúas disciplinas cruciais no desenvolvemento da súa linguaxe.

Actualmente está a cursar o seu segundo ano de máster en Composición Instrumental na Escola de Música de Detmold baixo a tutela do compositor francés Fabien Lévy.

Oren Boneh. Estados Unidos - Israel, 1991

Oren Boneh, compositor e trompetista, está a cursar estudos de doutoramento en Composición na Universidade de California (Berkeley), onde traballa con Franck Bedrossian. Boneh estudou ademais na McGill University, na Universidade de Denver e na Royal Danish Academy of Music, e na actualidade está a gozar dunha estadía en Alemaña grazas a unha bolsa de estudos Fulbright.